Un dos contos que lemos este ano en 2º foi o Superzorro, un relato no que a bondade e o inxenio superan a maldade e a violencia. A través dun protagonista “Super” non só no nome senón tamén nos valores que transmite.

A través desta historia o noso alumnado comprendeu a importancia do esforzo, a valentía, o inxenio, o cariño, os bos sentimentos... que fan que todos e todas sexamos “Super”.

Para aprender todo isto da obra non só levamos a cabo unha lectura da mesma, tamén fixemos diversas actividades para afondar na historia e desenvolver a capacidade e comprensión lectora destes nenos e nenas.

As actividades que realizamos as podemos agrupar en 3 bloques:

## ➢ Actividades previas a lectura

Para o cal levamos a cabo unha chuvia de ideas unha vez coñecemos o título da obra.

Sobre que cremos que vai ir o conto? Quen será o protagonista? Que lle sucederá? Que pasará ao longo da historia? Que credes que imos aprender con este libro?

## ➢ Actividades durante a lectura

Fixemos 2 tipos de lectura da obra:

- Por un lado unha lectura individual para atender a diversidades de ritmos, intereses, aprendizaxes e facilitar a comprensión das nosas alumnas e alumnos.
- Por outro lado unha lectura grupal, parando para debater o que imos aprendendo da historia e falando dos diferentes personaxes para ver que cousas boas fan, que cousas malas, en que poden mellorar...

## ➢ Actividades despois da lectura

Fixemos diferentes actividades relacionadas coa lectura para mellorar a capacidade de comprensión lectora. Entre as actividades realizadas podemos destacar.

-Sopa do Zorro.

Para coñecer mellor e recordar as diferentes persoas e animais que participan na historia tiñan que atopar diversos personaxes nesta sopa de letras. Ademais na seguinte actividade tiñan que describir a eses personaxes con diferentes palabras tanto positivas como negativas.



- Puzzle da historia.

Démoslles diversas imaxes do conto desordenadas, para que fosen capaces que colocalas en orde e comprender mellor a historia ou se o preferían poñer a orde que eles e elas quixeran e crear un novo conto de Superzorro.

- Código segredo do Superzorro.

O “Superzorro” está en perigo e só o seu amigo Tejón pode salvalo, para iso terá que ser capaz de descubrir unha mensaxe encriptada que lle manda o seu amigo. Será capaz? Coa axuda dos nosos alumnos e alumnas todo é posible.



- Test do Superzorro.

Para desenrolar a súa capacidade de comprensión lectora fixémoslle un test de 10 preguntas cos 3 opcións en cada unha para escoller a verdadeira e ver se o traballo realizado foi bo e comprenderon esta divertida historia.